

PLANO DE CONVIVENCIA

ies Heliadoura

ÍNDICE

1 O CENTRO DOCENTE. CARACTERÍSTICAS E ENTORNO 4
1.1 O centro e o seu entorno 4
1.2 O alumnado....5
1.3 Recursos materiais e humanos 6
1.4 Situación actual da convivencia 7
1.5 Respostas do centro ante as situacións de conflito 8
1.6 Experiencias e traballos previos en relación coa convivencia 8
1.7 Necesidades de formación e recursos 10
1.7.1 Formación do profesorado 10
1.7.2 Formación do alumnado e das familias 11
1.7.3 Recursos 11
2 OBXECTIVOS 12
3 ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS 15
3.1 A nivel xeral: 15
3.2 Departamentos Didácticos e Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP): 15
3.3 Acción titorial: 15
3.4 Profesorado 16
3.5 Departamento de Orientación: 17
3.6 Familias: 17
3.7 Persoal non docente: 17
3.8 ANPA: 18
3.9 Actividades relacionadas con outras institucións: 18
4 PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR. 19
4.1 Criterios de identificación do acoso escolar. 19
4.2 Protocolo de actuación en caso de acoso. 20
4.2.1 Fase primeira: coñecemento da situación, identificación e comunicación. 20
4.2.1.1 Coñecemento e identificación. 20
4.2.1.2 Medidas urxentes de protección á presunta vítima 21
4.2.2 Fase segunda: Recollida de información e rexistro. 23
4.2.2.1 Entrevista individual á presunta vítima (anexo 7)....23
4.2.2.2 Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso (anexo 8) 24
4.2.2.3 Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras (anexo 9)....24
4.2.2.4 Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s (anexos 10 e 11) 25
4.2.3 Fase terceira. Análise da información e adopción de medidas....26
4.2.3.1 Adopción de medidas educativas....27
4.2.3.2 Medidas de protección á presunta vítima....27
4.2.3.3 Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso....28
4.2.3.4 Outras medidas....29
4.3 Definición e criterios de identificación do ciberacoso....30
4.3.1 Criterios de identificación do ciberacoso....31
4.3.2 Tipos de ciberacoso....31
5 A COMISIÓN DE CONVIVENCIA....33
5.1 Composición....33

5.2 Plan de reunións....33
5.3 Funcións e plan de actuación....34
6 NORMAS DE CONVIVENCIA. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR....35
6.1 Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores....35
6.2 Dereitos e deberes do alumnado....36
6.3 Dereitos e deberes do profesorado....37
6.4 Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos....38
7 NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO IES LELIADOURA....39
7.1 Normas no centro....39
7.2 Puntualidade e asistencia a clase....39
7.3 Normas nas aulas....40
8 CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO QUE DIFICULTA A CONVIVENCIA ESCOLAR....41
8.1 Responsabilidade e reparación de danos....41
8.2 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección....41
8.2.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia....42
8.2.2 Condutas leves contrarias á convivencia....42
8.3 Prescrición das condutas contrarias á convivencia....43
8.4 Medidas correctoras....43
8.4.1 Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia....44
8.4.2 Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia....44
8.4.3 Graduación das medidas correctoras....45
8.4.4 Prescrición das medidas correctoras....45
8.5 Procedemento para a imposición das medidas correctoras....46
8.5.1 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia....46
8.5.2 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia....47
8.5.3 Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores....47
9 AULA DE CONVIVENCIA....48
9.1 AULA INCLUSIVA....48
9.1.1 Concepto....48
9.1.2 Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva..48
10 MEDIACIÓN ESCOLAR....48
11 MECANISMOS PARA A DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN....51

1 O CENTRO DOCENTE. CARACTERÍSTICAS E ENTORNO

1.1 O centro e o seu entorno

O IES Leliadoura está situado na zona de Frións, concretamente na parte alta de Santa Uxía de Ribeira. É un centro educativo público e polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de centro urbano de carácter periférico mixto, é dicir, está situado nas aforas da cidade pero o seu alumnado procede do núcleo urbano de Ribeira e dos colexios das restantes parroquias que forman o municipio.

Pertence á Zona Educativa de Santiago e creouse no ano 1995 ao amparo da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) co nome de Instituto de Educación Secundaria Frións, renomeado posteriormente co nome de IES Leliadoura. Para a súa posta en funcionamento desprazouse o alumnado e profesorado da rama Administrativa e a metade do profesorado de materias comúns do Instituto de Coroso, actualmente CIFP Coroso, e co alumnado de secundaria dos centros adscritos. Nese primeiro curso compaxinouse o ciclo medio de Xestión Administrativa, que funcionaba de maneira experimental, coa Formación Profesional tradicional da rama Administrativa. No curso seguinte púxose en marcha o ciclo superior de Administración e Finanzas e varios anos despois o bacharelato e os ciclos superiores de Informática cos que conta actualmente o Centro.

Na actualidade ten a seguinte oferta educativa:

- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato nas modalidade de: Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclo Formación Profesional Básica de Informática e Comunicacións.
- Ciclo Formación Profesional de grao medio en Xestión Administrativa.
- Ciclo Formación Profesional de grao superior:
    - Administración de sistemas informáticos en rede.
    - Administración e Finanzas.
    - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

En réxime de proba libre:

- CM de Xestión administrativa.
- CS de Administración e finanzas..
- CS de Administración de sistemas informáticos en rede.
- CS de Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

Ten adscritos o CEIP Plurilingüe de Artes, o CEIP Heroínas de Sálvora, o CEIP Plurilingüe de Carreira, o CEIP de Frions e o CEIP de Olveira, todos no do concello de Ribeira.

1.2 O alumnado

Na actualidade (curso 2018/2019), o Centro ten un total de **509 alumnos e alumnas** repartidos entre tódolos niveis e quendas existentes. O alumnado matriculado na ESO procede na súa maior parte dos centros adscritos. Mentres que o bacharelato se nutre de alumnos e alumnas do centro aínda que tamén hai alumnado que ven doutros centros e concellos limítrofes e nos Ciclos a procedencia é moi variada debido a que as familias ofertadas teñen unha importante demanda social, especialmente os ciclos superiores das familias de Informática e comunicación e Administración, e non se imparten nos concellos limítrofes.

O Centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio-baixo, pois a maioría das familias do noso alumnado adícanse a oficios relacionados co mar. Unha parte dos pais e nais dos nosos alumnos e alumnas atópanse embarcados por longas tempadas, polo cal non conviven habitualmente cos seus fillos e fillas. Os períodos de ausencia van dende unha semana ata varios meses (sobre todo nos que se adican á pesca de altura). En canto á demografía da zona, pódese considerar intercalar; é dicir, que combina a concentración coa dispersión xeográfica. Con respecto á tipoloxía das vivendas, predominan as vivendas unifamiliares cun ou dous pisos.

A maioría deste alumnado utiliza un servizo de transporte para asistir ás clases, o cal debe ser tido en consideración pois os horarios dos autobuses fan, ás veces, que os nenos cheguen con moita antelación polas mañás e teñan que esperar moito tempo ata o inicio das clases. Así mesmo, a saída é problemática porque os autobuses non adoitan esperar moito tempo.

Respecto á lingua falada no centro, na ESO é maioritario o emprego do galego mentres que nos Ciclos altérnase entre castelán e galego (aínda que depende do ciclo).

A participación do alumnado no Centro realízase a través da Xunta de Delegados e dos representantes no Consello Escolar.

Outro aspecto destacable é a convivencia de todos os niveis educativos no tempo de recreo. Cando a climatoloxía é favorable poden ter ese tempo de lecer no exterior e non se presentan problemas de convivencia. Algo que si aparece cando deben permanecer nos corredores e na biblioteca do centro pola imposibilidade de saír ao exterior durante dito espazo de tempo.

En conxunto, non é un alumnado conflitivo, aínda que, como en tódolos centros, existen problemas disciplinarios aos que é necesario facer fronte desde a dirección a fin de crear un bo clima no Centro.

1.3 Recursos materiais e humanos

Hoxe en día, cada grupo dispón dunha aula; así como existen aulas especializadas para aquelas materias que o necesitan. En calquera caso, constitúe un obxectivo fundamental seguir traballando nese senso, xa que desa forma cada grupo é responsable da súa aula evitándose posibles danos e, permitindo deste xeito unha supervisión máis eficaz.

Neste momento o Centro dispón dun edificio de tres plantas, e un pavillón anexo; o reparto dos espazos é o seguinte:

Edificio principal:

- **Planta baixa:** cafetería, conserxería, 4 despachos (3 do Equipo Directivo e 1 do Dep. Orientación), aula de convivencia, sala de usos múltiples, aula de pedagoxía terapéutica, sala do profesorado, sala titoría/coordinación FCT, arquivo, cuarto de limpeza, vestiario persoal de limpeza, ximnasio, aula de música, biblioteca, aula-taller de tecnoloxía e aula de informática (Xosé Alberte), aula específica de educación especial, almacén, un aseo para persoas con mobilidade reducida e aseos de alumnado e profesorado. Esta planta conta cunha vivenda que sendo utilizada por un conserxe, unha sala de caldeiras anexa ao edificio principal, con entrada independente; o edificio conta con catro entradas, dúas por diante e outras dúas pola parte de atrás, tres das cales, ademais de con escaleiras, contan con acceso adaptado. Dispón tamén dun amplo patio interior aberto con tres entradas dende esta planta do edificio principal, unha delas ademais de escaleiras, dispón de acceso adaptado. O edificio principal está dotado de ascensor dende a planta baixa até o segundo andar.

- **Primeiro andar:** 18 aulas xenéricas asignada a ESO e Bacharelato, un aula de pedagoxía terapéutica, aseos do alumnado e departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, Ingles-Francés.

- **Segundo andar:** aulas xenéricas asignadas aos ciclos formativos de Administración e Informática e ao segundo curso de formación profesional básica de Informática e Comunicacións, aula de plástica e debuxo, laboratorio de idiomas, aula de informática (Plácido Betanzos), aula polivalente (Isabel Zendal). Así mesmo atópanse os laboratorios de: Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía e os seguintes departamentos: Administración, Informática e Xeografía e Historia. Nesta planta tamén se encontra o Centro Administración de Sistemas Informáticos (C.A.S.I.).

- **Terceiro andar:** aula xenérica asignada ao 1º curso de ciclo de formación profesional básica

de Informática e Comunicacións.

Edificio anexo: pavillón con vestiarios e baños de alumnado.

O Centro conta tamén cunha ampla zona axardinada e pistas polideportivas e dispón dun aparcamento independente que a día de hoxe se queda pequeno pois o total de persoal do centro é de 75 persoas. O recinto esta pechado cun muro por todo o seu contorno e conta, na súa fachada principal, cun portal automático para o acceso de vehículos e outro pequeno ao seu carón para peóns, tamén automático dotado dun timbre con cámara. Nesta fachada tamén hai outro portal para acceso de peóns a carón do pavillón. A fachada traseira dispón dun portal grande para entrada e saída do alumnado que se despraza en autobús.

Tamén debemos destacar que o centro ten horario de mañá de 8:00 horas a 14:30 horas, tendo os luns xornada partida na ESO, bacharelatos e ciclos de formación profesional básica, de 16:30 a 18:10.

O Claustro está composto actualmente por 64 membros, organizados en 20 departamentos didácticos correspondentes ás distintas especialidades.

O persoal non docente está formado por unha administrativa, 2 conserxes, 1 coidadora, 3 limpadoras e este curso contamos con unha auxiliar de conversa.

1.4 Situación actual da convivencia

A análise da disciplina nos primeiros meses reflicte os seguintes resultados:

- Unha alta porcentaxe dos partes céntranse no alumnado do primeiro ciclo da ESO.
- O 90% das amoestacións escritas son impostas a alumnado reincidente.
- O tipo de conduta máis sinalado nos partes de incidencia é o mal comportamento, que en numerosas ocasións vai acompañado de desafío á autoridade e faltas de respecto de carácter grave.

A seguinte táboa reflicte os datos máis relevantes da análise da convivencia nos primeiros períodos do curso 2018/2019 e establece a comparativa entre trimestres:

	Curso 2018/2019	
	1º trimestre	**2º trimestre**
Nº partes de incidencias	53	110
Alumnado amoestado	31	56
Alumnado suspendido do dereito de asistencia ao centro	9	11

A fin de coñecer de primeira man a situación da convivencia no centro, no curso 2018/2019 fixéronse as enquisas enviadas pola Consellería de Educación (https://www.edu.xunta.es/convivenciaxestion/) entre toda a comunidade educativa que sen dúbida aportarán resultados que reflectirán de cal é o estado da mesma.

As enquisas foron pasadas a todo o alumnado do Instituto. Obtendo os seguintes datos de participación: contestaron 240 alumnos/as de ensinanzas obrigatorias, e 269 alumnos/as de ensinanzas postobrigatorias. Así mesmo a enquisa tamén foi realizada pola totalidade do profesorado do centro e o persoal de administración e servizos.

Até o momento non se teñen resultados concretos sobre a mesma.

1.5 Respostas do centro ante as situacións de conflito

Nestes momentos o centro ten adoptado uns protocolos de actuación ante as situacións de conflito máis frecuentes tales como falta de disciplina nas aulas e problemas entre alumnos. En ambos casos, e unha vez que o profesor teña identificado ao/s responsable/s, o proceso consiste en redactar un parte de faltas, enviar ao alumno á xefatura de estudos ou responsable do equipo directivo que se atope neses instantes, quen falará co alumnado, aclarará a situación e decidirá a corrección correspondente en función do historial de faltas acumulado polos alumnos ata ese instante e a gravidade da mesma. A medida correctora *leva implícito unha labor de servizo ao centro.*

As condutas leves prexudiciais para a convivencia no centro levan aparelladas tres días de suspensión do dereito a asistencia ao centro, consecuencia da **comisión de tres faltas de orde ou partes de incidencia nun período igual ou inferior dun mes.**

Así mesmo, se os feitos foron moi graves, abrirase un expediente segundo os protocolos desenvolvidos nas Normas de Organización e funcionamento (NOF).

En todos os casos, o profesorado colabora nos diferentes protocolos. En relación coas familias, aínda que a maioría adoita colaborar, sempre existen casos discordantes que impiden unha mellora da actitude dos seus/súas fillos/as. A comunicación coas familias é inmediata, independentemente da gravidade da conduta producida.

1.6 Experiencias e traballos previos en relación coa convivencia

Previamente á elaboración e posta en práctica do Plan de convivencia, atenderemos a tres aspectos:

- *Clarificar e xustificar a proposta de elaboración do plan ante a Comunidade Educativa.*

Faise a través do debate sobre a necesidade de levar a cabo este Plan no seo da Comunidade Educativa. Debemos chegar a un acordo sobre a necesidade e a finalidade do Plan.

- *Clarificar e difundir os principios que deben orientar a convivencia no Centro.*

O modelo de convivencia que se quere desenvolver no Centro é un modelo democrático. A nosa experiencia ven dada polas nosas propias sinais de identidade como Centro Público, cunha ideoloxía neutral, baseada no respecto as ideas políticas e relixiosas de todos os membros da

comunidade escolar e renunciando a calquera tipo de adoutrinamento, proselitismo ou sectarismo.

Como consecuencia, fomentaremos a participación do alumnado, pais e axentes sociais na xestión democrática do Centro, respectando escrupulosamente os roles de cada quen.

A nosa liña metodolóxica establece que se favorecerá no alumnado a capacidade para aprender, para traballar en equipo, para a prevención de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar, social e laboral.

Tamén contribuirá a educar para vivir e traballar nunha sociedade baseada no coñecemento e no desenvolvemento sostible, fomentando a cidadanía activa e a capacidade de aprender ao longo de toda a vida.

Terase en conta tamén que o alumno/a non só se está a formar academicamente, se non que ao longo da súa permanencia no Instituto debe velarse pola súa formación como persoa, estimulando actitudes e valores como a tolerancia, a responsabilidade, o respecto ou o espírito crítico que faciliten a socialización dos alumnos.

Os valores e as normas que rexen formalmente as relacións entre a comunidade escolar están recollidas no PEC (Proxecto Educativo do Centro) e tamén nas NOF (Normas de organización e funcionamento). Estes documentos (xunto co Plan de Acción Titorial) están destinados a ser dunha gran utilidade para poder aplicalos nos diferentes casos que poidan xurdir no Instituto, no día a día.

Ten como obxecto establecer as normas de convivencia entre os diferentes sectores que compoñen a comunidade educativa, recoller os dereitos e deberes que cada un deles posúe, formular os mecanismos de representación e ser un instrumento que axude á formación humana do alumnado.

Nos obxectivos relacionados co ámbito humano, recollidos nas NOF, en relación ca convivencia figuran de xeito claro e conciso os seguintes:

- Estimular a tolerancia como norma de convivencia.
- Potenciar o diálogo como método de resolución de conflitos.
- Propoñer e canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia.

En resumo, dende o punto de vista da promoción e regulación da convivencia nos centros, é imprescindible que os principias documentos que regulan a organización xeral do centro (PEC, NOF e PAT) recollan e promovan a cultura da resolución positiva de conflitos e que desenvolvan os procedementos a seguir, tanto para a promoción do clima de convivencia coma para a resolución de problemas que vaian aparecendo.

Deste xeito, dende todos os órganos de coordinación docente, preténdese favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe e a mellorar a cohesión

e as relacións internas de cada grupo.

Polo tanto, a nosa experiencia en relación ca convivencia fundaméntase na importancia que os diferentes órganos de Goberno e de coordinación docente do noso Instituto lle dan a que exista no Centro un clima escolar axeitado, baseado no respecto entre tódolos membros da comunidade educativa. Será, pois, necesario analizar as causas que poden deteriorar esta convivencia así como os diferentes factores que inciden nela.

Nesa liña participamos naqueles proxectos que teñen como finalidade potenciar a convivencia pacífica, a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- *Creación das condicións e estruturas que permitan a seu desenvolvemento.*

Para levar a cabo o Plan contamos co Equipo Directivo que transmite a pertinencia de elaborar o plan e propiciar os medios posibles para o seu axeitado desenvolvemento. Colabora na súa xestación, así como o resto da comunidade educativa, aportando lexitimación ao plan.

Para axeitar o Plan ás necesidades do Centro e poder levalo á práctica, é necesaria a implicación dos profesores a través dos órganos e estruturas de coordinación pedagóxica do Centro.

Para favorecer a participación efectiva dos pais, daráselle cumprida información, organizando, incluso, algunha actividade formativa específica.

O alumnado poderá facer as súas propostas, unha vez informados nas sesións de Titoría, grupos de debate ou Xunta de Delegados.

Da mesma maneira, os Departamentos, as reunións de coordinación de titores co Departamento de Orientación poden recibir e transmitir información, facer propostas de actuación, elevar demandas de formación e asesoramento…, durante o proceso e desenvolvemento do Plan.

1.7 Necesidades de formación e recursos

1.7.1 Formación do profesorado

Para elaborar e desenvolver o plan é aconsellable que o profesorado participe nalgún tipo de actividade formativa que permita recibir asesoramento e formación, así como dedicar un tempo específico ao debate, análise e reflexión en torno á convivencia escolar.

Sobre as necesidades de formación cabe dicir que, aínda que a convivencia é unha preocupación constante entre o noso profesorado, son poucos os que recibiron unha formación específica sobre este tema e, case sempre, o tratamento que cada un fai ante un problema de comportamento é consecuencia do senso común, da aplicación das NOF ou do coñecemento do que delas se teña.

Faise necesario posuír estratexias que nos permitan detectar que situacións son as que máis favorecen os conflitos entre os alumnos e entre alumnos e profesores para previlos. Tamén é imprescindible saber como intervir nos casos que estes conflitos se presenten.

A formación debe contemplar que a reacción docente sexa coherente en todo o profesorado para

evitar confundir ós alumnos e reforzar as mensaxes construtivas sobre as súas condutas.

É necesario, pois, formar ao profesorado en educación en valores e habilidades sociais; tamén en resolución de conflitos (en xeral) e en mediación (en particular) para a súa posterior aplicación de forma continuada durante todo o curso co alumnado e entre adultos.

1.7.2 Formación do alumnado e das familias

Unha vez informadas da posta en marcha do Plan de convivencia, poderase ofertar actividades formativas específicas para as familias. Unha actividade interesante podía ser un taller de Resolución de Conflitos.

En canto á formación do alumnado porase en marcha un Programa de Mediación Escolar, que consiste nunha serie de estratexias que permitirán solucionar os conflitos de maneira creativa e eficaz. Requiren dunha formación teórica centrada na comunicación, os sentimentos, a empatía, a escoita activa, no que ten moita importancia a figura do mediador.

1.7.3 Recursos

Para levar a cabo este Plan de Convivencia, debemos contar cunha serie de recursos humanos e materiais. En especial, debemos contar coa colaboración de toda a comunidade educativa, pois en caso contrario o plan non tería éxito. En concreto, necesitamos que existan profesores e alumnos implicados na mediación escolar.

Con respecto aos recursos materiais debemos dispor de medios para dar a maior difusión a este plan. Para elo contaremos cos recursos gráficos e visuais necesarios tales como trípticos informativos para poñer nos taboleiros das aulas, difusión a través da páxina web.

2 OBXECTIVOS

O Plan de Convivencia do noso Instituto ten como obxecto promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia. Pretendemos con el favorecer a resolución pacífica e educativa de los conflitos que se presenten.

Darase prioridade a aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa. Para a súa divulgación e interiorización utilizaremos o Plan de Acción Titorial e os boletíns informativos para as Familias (entre outras accións) e a páxina web do centro, asemade doutros recursos TICs.

Implicarase a todos os sectores da comunidade educativa (profesorado, pais/ nais, alumnado, persoal de administración e servizos) na difusión, aplicación e seguimento do Plan de Convivencia, co fin de evitar incoherencias nas actuacións para reforzar condutas positivas.

Estes principios básicos concrétanse nos seguintes obxectivos:

- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.
- Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.
- Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que perturban o clima de clase para evitar a conflitividade e diminuír as condutas máis graves.
- Dar prioridade á resolución dos conflitos de xeito formativo mediante o diálogo, a negociación e o esforzo conxunto do profesorado e o alumnado.
- Actuar ante os conflitos actuais, sempre que sexa posible, de xeito positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.
- Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todo o profesorado, evitando contradicións que desorienten ao alumnado.
- Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas como paso previo para solucionar problemas de convivencia.
- Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e so cando as estratexias motivacionais e educativas non deran resultado ou a non intervención poida xerar males maiores.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.
- Concienciarnos de que a mellora da convivencia e o logro dun bo clima educativo facilita o

proceso de ensino-aprendizaxe.

- Fomentar a colaboración entre o centro e as familias, nun clima de confianza e respecto.
- Fomentar a colaboración con outras institucións sociais da zona (servizos sociais, centros de acollida, etc.).
- Axudar os alumnos/as a formar unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características, calidades, posibilidades e limitacións que lles permitan canalizar de forma equilibrada a súa actividade (escolar, de lecer, afectiva,...) e contribúa ao seu benestar.
- Promover valores, actitudes e comportamentos que: rexeiten a violencia de xénero, defendan os valores persoais, repudien as burlas, fobias, ameazas e violencia contra integrantes da comunidade LGTB, estimulen a tolerancia de outras culturas, razas, costumes e a súa integración nunha sociedade libre e igualitaria.
- Saber convivir cos conflitos, reflexionar sobre as súas causas e propoñer solucións creativas e pacíficas aos mesmos.
- Sensibilizar á comunidade educativa ante os problemas ambientais e o efecto dos nosos comportamentos habituais sobre o equilibrio do entorno.
- Promover a intolerancia ante condutas de maltrato animal, destrución do ecosistema, entorno natural e a súa diversidade.
- Impulsar pautas de comportamento ante o tratamento de residuos urbanos, contaminación acústica, salubridade do entorno e defensa da vida para todos los seres vivos.
- Recoñecer os valores que existen na diversidade de individuos e culturas, desenvolvendo a capacidade de cooperar cos demais.
- Favorecer o desenvolvemento persoal rexeitando diferenciacións exclusivas entre homes e mulleres, valorando á persoa e independentemente do seu sexo, sexualidade, ámbito social, etc.
- Facilitar modelos reais de actitudes pacíficas, responsables e solidarias fronte aos continuos modelos violentos presentes nos medios de comunicación.
- Favorecer o traballo en equipo, a colaboración e a busca compartida de solucións aos problemas habituais na convivencia do alumnado nun centro escolar.
- Colaborar coa ANPA para que poida organizar actividades dirixidas á formación das familias.
- Posta en marcha do servizo de mediación como ferramenta para mellorar a convivencia do centro.

Con esta serie de obxectivos xerais preténdese favorecer as seguintes **actitudes**:

- Asunción por parte de todos os membros da comunidade educativa de que a convivencia é tarefa de todos.
- Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, raza, nacionalidade, ideoloxía... e rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Respecto e cumprimento das normas de convivencia do centro; e coidado no uso das dependencias e o material.
- Concienciación de que estamos suxeitos a dereitos e deberes; e de que existen límites que hai que respectar.
- Recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais e grupais.
- Valoración do diálogo como instrumento de resolución destes.
- Romper o silencio cómplice que adoita establecerse en torno ás agresións e condutas disruptivas, aprendendo a denunciar situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.
- Mellora do autocontrol, autovaloración e auto superación.
- Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
- Estudar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudio dos compañeiros.
- Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
- Non discriminar a ningún membro da comunidade escolar por razón de nacionalidade, raza, sexo, relixión o calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro.
- Participar na vida e funcionamento do centro.
- Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.
- Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.
- Mellorar o autocontrol, a autovaloración e a autosuperación.
- Rexeitar o “silencio cómplice” que se establece en torno ás agresións e condutas disruptivas, aprendendo a denunciar as situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.
- Manter unha actitude crítica ante os usos verbais e non verbais de contidos e formas que supoñan unha discriminación social, racial, sexual, etc.

3 ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

3.1 A nivel xeral:

- Coñecemento do plan por todos os sectores da comunidade educativa para a súa aplicación, seguimento e avaliación, a través das distintas xuntanzas dos órganos colexiados e de carácter pedagóxico, reunións dos pais/nais e da ANPA.
- Nos cursos da ESO, colocación dunha caixa de correo a disposición do alumnado para que os/as alumnos/as inseguros, con medos e temores a posibles represalias poidan comunicar á titoría as presuntas situacións de maltrato, agresións, acoso, intimidación, etc.
- Incidencia na mellora da vixilancia no recreo e nos cambios de clase.

3.2 Departamentos Didácticos e Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP):

- Incluír nas programacións dos departamentos e programacións didácticas actividades para traballar co alumnado a formación de actitudes, valores e normas, estimulando actitudes e valores como a responsabilidade, a igualdade entre homes e mulleres, a tolerancia ou o respecto, que faciliten a socialización do alumnado de maneira cívica. E axuden a atender á diversidade e previr o fracaso escolar.
- Planificación nas programacións didácticas situacións de “aprendizaxe cooperativo”. Ditos aprendizaxes melloran a convivencia, axudan a crear un clima positivo na aula e dan resposta a diversidade de alumnado.

3.3 Acción titorial:

- Acollida e integración do alumnado. Cando un alumno/a se incorpore ao centro unha vez comezado o curso nomearase, un titor de acollida que será outro alumno/a do grupo que proporcionará información e acollida de tipo persoal, organizativa e académica.
- Coñecemento do grupo-clase.
- Apoio da figura dos/as delegados/as de clase.
- Comunicación das Normas de organización e funcionamento (NOF), dereitos e deberes dos alumnos/as, participación, elección de delegado e subdelegado, organización do grupo clase, normas de convivencia e disciplina, Plan de Convivencia e os seus procedementos, etc.
- Revisión continua das incidencias de convivencia e coordinar o diálogo na clase para a resolución de conflitos.

- Sesións de avaliación. O titor/a, antes e despois das avaliacións, comentará cos alumnos/as as normas de convivencia, problemas de disciplina, etc, e chegará a acordos de mellora co grupo de alumnos/as.
- Comunicación á Xefatura de Estudos, segundo o procedemento establecido nas NOF e neste Plan de Convivencia, os incumprimentos das normas de convivencia.
- Fomento da colaboración dos pais, nais e/ou titores legais co centro para previr e abordar as posibles situacións contrarias as normas de convivencia, alteracións do comportamento, acoso e intimidación.
- Colaboración co Departamento de Orientación cando o caso e os procedementos de actuación o requiran.
- Celebración de xornadas e actividades que contribúan á mellora da convivencia.

3.4 Profesorado

- Impulsar o coñecemento da guía do profesorado onde se recollen os aspectos organizativos do centro.
- Promoción da formación permanente do profesorado no complexo mundo das relacións interpersoais: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia, etc.
- Detección nas sesións de avaliación non soamente problemas de aprendizaxe senón tamén posibles problemas de integración, adaptación, problemas de conduta, acoso e intimidación para poder abordalos tanto a nivel individual como grupo.
- Implicación do profesorado no desenvolvemento de actuación e procedementos proxectados no Plan de Convivencia.
- Comunicación ao titor/a e á Xefatura de Estudos os incumprimentos das normas de convivencia, alteracións de comportamento, acoso e intimidación que observen no alumnado.
- Fomento no exercicio da tarefa docente os seguintes aspectos básicos:
    - O traballo e o esforzo.
    - As técnicas de estudo.
    - A autonomía persoal e organización do grupo.
    - O reparto de funcións entre o alumnado.
    - A variedade nas formas de agrupar.
    - Respecto a todos os membros da comunidade educativa.
    - Impulsar o coidado das instalacións.

3.5 Departamento de Orientación:

- Propostas de mellora para a aplicación do Plan de Convivencia.
- Asesoramento, no caso de que a problemática o requira, nos procedementos de alteracións do comportamento, acoso e intimidación.
- Axuda ao alumnado con actitudes disruptivas, cos/as compañeiros/as ou contra a sociedade educativa en xeral, actividades para a corrección das mesmas.
- Participación, sempre que sexa posible, nas sesións de avaliación inicial e avaliacións ordinarias.
- Axudar aos titores/as, na medida do posible, con materiais, cuestionarios, documentos, bibliografía, etc, para levar a cabo as actividades do Plan de Convivencia.
- Cooperación na relación titores

3.6 Familias:

- Coñecemento do Plan de Convivencia e as NOF a través de: Reunións de pais/nais, entrevistas co titor/a, participando no Consello Escolar e/ ou reunións da ANPA, etc.
- Información da existencia dunha caixa de correo de suxestións a disposición dos alumnos/as nas aulas da ESO por si as circunstancias o requiren.
- Colaboración co centro nas medidas impostas ao alumnado no caso de incumprimento das normas de convivencia, acoso, agresión e intimidación coa finalidade de modificar ditas condutas e favorecer o desenvolvemento positivo da personalidade do alumnado.
- Participación nas reunións convocadas pola dirección do centro e/ou as titoría a fin de poder ter un contacto directo entre o centro e as familias.

3.7 Persoal non docente:

- Información ao Equipo directivo de calquera situación que observen de condutas disruptivas, agresións, acoso e intimidación, alteracións do comportamento, para a súa inmediata intervención.
- Colaboración nas horas de recreo e nos cambios de clase, por ser momentos especialmente propicios para que se produzan condutas contrarias ás normas de convivencia, alteracións de comportamento, acoso e intimidación.

ies.leliadoura@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesleliadoura
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Frións, s/n
15967 Ribeira
Tel. 881 86 71 86

3.8 ANPA:

- Fomento da participación dos pais/nais e/ou titores legais na vida do Centro.
- Organización, se é posible, charlas, debates, sobre temas que redunden nos valores do Centro:
    - Responsabilidade e tolerancia.
    - Resolución pacífica de conflitos.
    - Aprender a controlarse, poñer límites e tolerar fracasos.
    - Acoso e intimidación e estratexias para abordalo.
    - Adolescencia e xuventude.

3.9 Actividades relacionadas con outras institucións:

- Concello.
- Organizacións non gobernamentais.
- Deportes, Educación e Igualdade.
- Policía Local.

4 PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

De conformidade ao protocolo de prevención e detección do acoso escolar e ciberacoso elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria seguindo o mandato establecido no artigo 30.2 da Lei/2011, do 30 de xuño, o noso obxectivo é seguir as liñas marcadas neste protocolo para evitar que se produzan situacións relacionadas co mesmo. Deste xeito, abordamos a identificación dunha situación de acoso escolar, as fases de actuación, o ciberacoso e as estratexias de prevención do mesmo.

4.1 Criterios de identificación do acoso escolar.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

- A existencia de **intención de facer dano.**
- Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.
- A **repetición das condutas agresivas.**
- A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.
- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.
- É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.
- **A duración no tempo**.
- Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.
- Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

4.2 Protocolo de actuación en caso de acoso.-

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado do centro saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato e decidido tanto co alumnado implicado (vítima, agresor ou agresores e espectadores) coma coas súas familias.

Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, seguiremos estas fases:

- fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.
- fase segunda: recollida de información e rexistro.
- fase terceira: análise da información e adopción de medidas.
- fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

4.2.1 Fase primeira: coñecemento da situación, identificación e comunicación.

4.2.1.1 Coñecemento e identificación.

Esta fase aporta pautas sobre que facer cando un alumno ou unha alumna se sinte vítima de acoso escolar, ou ben a familia, o profesorado ou algún compañeiro ou compañeira detecta unha situación deste tipo.

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna, ten a obrigación de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información a calquera membro do equipo directivo.(ou departamento de Orientación). É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- Alumnado: aula de titoría, comunicación verbal a un adulto, caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro.
- Familia: atención de titoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección, caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro.
- Profesorado: comunicación á persoa titora do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- Persoal de administración e servizos: comunicación ao titor do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.

- Persoas alleas ao centro: comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo (ou departamento de Orientación). A través do análise da información recibida, asemade da recollida para ampliala, o equipo directivo, (conxuntamente co departamento de Orientación) previa consulta ao equipo docente que imparta clase ao alumno, determinará á iniciación do protocolo de acoso escolar. No suposto de que nunha primeira valoración se determine o caso como de posible acoso, a continuación, rexistrarase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar mediante o emprego do anexo 1**.**

4.2.1.2 Medidas urxentes de protección á presunta vítima

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares (como por exemplo cambio de grupo) que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causante/s da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

Designación dunha **persoa responsable da atención** e apoio á presunta vítima (anexo 2)**.** A persoa titular da dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade, tal como recolle o artigo 30.2.c) da Lei 4/2011.

No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.

Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en **coñecemento das familias** do alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos anexos 3 e 4**.**

Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos

feitos denunciados e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

A dirección do centro, cando estime que é necesario clarificar os feitos denunciados de cara á posible incoación dun expediente, designará unha **persoa responsable das averiguacións previas** (anexo 5), e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta. Entre a información facilitada nesta primeira reunión estará a relativa a:

- Os supostos feitos e a todos os trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento.
- A copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecten ao alumnado implicado.
- Os datos de absentismo escolar.
- O informe dos titores deste alumnado.

Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlla nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para proceder, cando así se estime, á incoación do expediente correspondente. Esta persoa poderá ser, se procede, a responsable da tramitación do dito expediente.

O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.

Consonte ao establecido no Decreto 8/2015, as investigacións previas deberán realizarse nun **prazo máximo de 2 días.** A decisión sobre a incoación de expediente deberá tomarse nun **máximo de 3 días** (incluídas as investigacións previas).

Cando os feitos sexan claros e non se consideren necesarias as investigacións previas, poderá procederse directamente á incoación do expediente.

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

De apreciarse indicios de delito ou falta penal en calquera momento do proceso, notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores (con traslado á administración educativa) para a súa valoración. No caso de iniciarse un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións en tanto este non se resolva.

4.2.2 Fase segunda: Recollida de información e rexistro.-

A información debe recollerse dun xeito discreto, por escrito (**anexo 6**) e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen.

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.

4.2.2.1 Entrevista individual á presunta vítima (anexo 7).

O obxectivo desta entrevista será dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e, polo tanto, a pertinencia de incoación de expediente, así como proporcionarlle apoio e protección ao alumno ou á alumna, rachar co illamento social que permitiu a aparición do acoso e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto (pai/nai/titor/a legal).

Será necesario revisar a información dispoñible e ter en conta que posiblemente lle custe falar do tema e que incluso o negue. É importante que esta primeira toma de contacto se xere nun clima de confianza, polo que, se é necesario, deberá repetirse ata que o alumno se encontre en disposición de trasladar o alcance do problema.

A entrevista debe comezarse de xeito indirecto e ir centrándose progresivamente no tema. Haberá que manter unha actitude comprensiva e amosarse receptivo. No remate desta debe transmitirse unha actitude tranquilizadora e comunicar explicitamente a busca de solucións e o compromiso para atallar o problema detectado.

No anexo 6 recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección. Non obstante, o modelo proposto no anexo 6 poderá ser igualmente de axuda

nesa fase.

4.2.2.2 Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso (anexo 8)

O obxectivo desta entrevista será recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas presuntamente agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa posible conduta para a vítima e para eles ou elas mesmos/as. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade, procederá, se non está acompañado da súa familia, que esta entrevista se produza en presenza dun adulto, tal e como se especifica no apartado correspondente á tramitación de expedientes do procedemento corrector.

É conveniente que as entrevistas sexan individuais, pois, no caso de varias persoas acosadoras, o grupo tendería a minimizar o problema e diluír a responsabilidade entre os seus membros, dificultando a admisión da súa culpa.

Os datos achegados pola/s persoa/s presuntamente responsable/s do acoso servirán para constatar os feitos e valorar se realmente está ou están exercendo de acosador/es ou acosadora/s.

No anexo 7 recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso corrector, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

4.2.2.3 Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras (anexo 9)

O obxectivo desta entrevista é a recollida de información das persoas “espectadoras/observadoras”, que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes. Cando o alumno ou alumna entrevistado/a sexa menor de idade e non se atope acompañado da súa familia procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida das persoas que son presuntamente acosadas e acosadoras, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.

No caso de que sexa máis dunha persoa, as entrevistas deben ser realizadas de forma individual.

No anexo 8 recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

4.2.2.4 Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s (anexos 10 e 11)

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto.

É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, explicándolles os seguintes pasos da intervención para atallar o problema:

- Entrevista coa familia da posible vítima (anexo 9): necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e para a adopción de medidas conxuntas. Tamén serán informados das medidas adoptadas, se é o caso, para a súa protección.

- Entrevista coa familia da persoa ou persoas presuntamente acosadora/s (anexo 10): necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e para a adopción de medidas conxuntas. Serán informados de posibles medidas provisionais que se puidesen adoptar e que lle afecten ao seu fillo ou filla, amosándolles a postura firme do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias deste tipo de condutas.

Nos anexos 9 e 10 recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento destas entrevistas.

En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Nesta fase o único obxectivo é dilucidar se existen indicios razoables para a incoación dun expediente. As entrevistas con validez no proceso de corrección terán que realizarse previa citación formal, tal e como se establece no procedemento xeral de expedientes do proceso de corrección.

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar **asesoramento e/ou apoio técnico á persoa que ocupe a xefatura de orientación** do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da dirección poderá solicitar **asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa**, en calquera momento do proceso.

Ademais, a complexidade das situacións de ciberacoso pode derivar na necesidade de consulta e traslado dos feitos a axentes externos ao centro como:

- Axencia Española de Protección de Datos.

- Policía local.

- Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional.

- Outros.

Unha vez rematado o proceso de recollida de información, rexistraranse nun documento todos os datos relevantes para proceder á súa análise.

4.2.3 Fase terceira. Análise da información e adopción de medidas.

Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirlles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida. Trátase de atopar coincidencias e diverxencias entre os datos obtidos das diversas fontes de información.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable das investigacións previas á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas provisionais que cómpre adoptar, así como a incoación do expediente, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF), no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Cando se aprecien indicios suficientes da situación de acoso escolar, débese distinguir entre as medidas que se adopten tendentes á protección da posible vítima, as medidas reeducadoras e correctoras da persoa ou persoas presuntamente agresora/s e as referidas a outros membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrución dun expediente. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro aprecien indicios de condutas penais, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais…), aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e aqueloutros recollidos na lexislación establecida para o efecto.

4.2.3.1 Adopción de medidas educativas

Con independencia do resultado da instrución do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración a información aportada, ditaminará as medidas de mellora educativas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

4.2.3.2 Medidas de protección á presunta vítima

Con independencia das medidas adoptadas con carácter urxente para protexer a persoa presuntamente acosada, referidas na primeira fase, son múltiples as posibilidades de protección e variarán en función das necesidades peculiares do alumno ou da alumna vítima do acoso, e das posibilidades do centro.

Algunhas destas medidas poderían ser:

➢ Vixilancia específica das persoas presuntamente implicadas (acosada e acosadora/s).

- *Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas.*
- *Asignación dunha "persoa responsable de apoio e atención á vítima" á que a vítima poida acudir cando o necesite.*
- *Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.*
- *Titoría individualizada e en grupo da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconcepto e da autoestima…*
- *Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...*
- *Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a posible vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...).*
- *De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, logo do oportuno expediente.*
- *Apertura de expediente á persoa ou persoas presuntamente agresora/s.*
- *Derivar a servizos de profesionais especializados externos as persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro.*
- *Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal.*

ies.leliadoura@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesleliadoura
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Frións, s/n
15967 Ribeira
Tel. 881 86 71 86

4.2.3.3 Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.

➢ Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s. Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva, pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

➢ Medidas correctoras para a/s persoa/s agresora/s. Unha vez confirmada a existencia de indicios suficientes da situación de acoso, requiririase da tramitación do oportuno expediente segundo as instrucións e procedementos establecidos con carácter xeral.

4.2.3.4 Outras medidas

➢ Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador:

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía …
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

➢ Coas familias:

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

➢ Co equipo docente:

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.

- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

4.3 Definición e criterios de identificación do ciberacoso.-

O ciberacoso ou *ciberbullying* é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

Se comparamos isto con casos típicos de acoso escolar, apréciase que, por unha parte, o ciberacoso non supón agresións físicas, pero, por outra, ten moito máis alcance tanto na difusión espacial coma na temporal, cunha continuidade que pode ser permanente e non limitada ao horario escolar.

O ciberacoso supón o uso e difusión de información lesiva ou difamatoria (insultos, difamacións, ameazas, intimidación, seguimento persistente, envío reiterado de correos a alguén que non desexa recibilos, exclusión, boicot, humillacións, spam, distribución de datos e imaxes persoais, roubo e suplantación da identidade…) en formato electrónico a través de medios de comunicación como o correo electrónico, a mensaxería instantánea, as redes sociais, a mensaxería de texto a través de teléfonos ou dispositivos móbiles, a publicación de vídeos e fotografías en plataformas electrónicas de difusión de contidos, e calquera outra que poida xurdir con características similares.

Nos últimos tempos, diversos factores veñen propiciando unha maior presenza do ciberacoso nos centros escolares: incorporación máis temperá ao uso das TIC, emprego masivo de novos contornos de socialización intensiva carentes de medidas de privacidade proporcionais, maior relevancia de contidos audiovisuais, amplas posibilidades de accesibilidade…

Este ciberacoso presenta unhas características singulares: anonimato, inmediatez, efecto en cadea, alta dispoñibilidade e diversidade de canles e procedementos empregados.

Aínda que o ciberacoso pode parecer difuso, en tanto que se perpetra en moitas ocasións fóra do espazo físico do centro escolar, este, ao ter coñecemento da situación e sempre que estean implicados algúns dos seus alumnos ou alumnas, ten a obriga de actuar coa mesma consideración de acoso escolar, **sempre que as condutas** realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos teñan **conexión coa vida escolar.**

4.3.1 Criterios de identificación do ciberacoso.

O ciberacoso caracterízase polos seguintes aspectos:

- *A situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.*
- *Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.*
- *Existe intención de causar dano, aínda que non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.*
- *Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados: teléfono móbil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogs…*

4.3.2 Tipos de ciberacoso.

O ciberacoso pode concretarse en:

- *Fustrigamento: cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes…*
- *Exclusión: cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima…*
- *Manipulación: cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome…*

Ante situacións de ciberacoso **será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar** que se desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras.
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.

- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.) coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria.
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica).
- Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade.

Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:

- Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos.
- Natureza e difusión das accións.
- Facilidade/dificultade para deter o ciberacoso.
- Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso.
- Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s.
- Repercusión e impacto na vítima.

A información recollida deberá detallar, ademais:

- Relación co ámbito escolar.
- Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida.
- Efectos producidos.

5 A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

5.1 Composición

Segundo o Decreto 8/2015 (DOG do 27 de xaneiro) a Comisión de Convivencia constituirase no seo do Consello Escolar, terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro ou por delegación desta, en xefatura de estudos e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

5.2 Plan de reunións

Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

No noso IES tomouse como acordo que as reunións se fixesen no seo do Consello Escolar cando este fose convocado.

5.3 Funcións e plan de actuación

A comisión de convivencia terá as seguintes funcións:

1. Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
2. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
3. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
4. Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
5. Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
6. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
7. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
8. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
9. Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

6 NORMAS DE CONVIVENCIA. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR

Segundo se establece no título II da Lei 4/2011, do 30 de xuño, e no capítulo II do Título I do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, os dereitos e deberes de convivencia e participación directa dos diferentes membros da comunidade educativa son os seguintes:

6.1 Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores

As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

1. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
2. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
4. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
5. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes **deberes**:
    a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
    b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
    c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
    d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

6.2 Dereitos e deberes do alumnado

➢ Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

1. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
5. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

➢ Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

1. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
2. Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
3. Respectar a liberdade de conciencia, as convicción relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
4. Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
5. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
6. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
7. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
8. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

6.3 Dereitos e deberes do profesorado

➢ Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
6. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
7. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

➢ Son **deberes** do profesorado:

1. Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
3. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
4. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
5. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

6.4 Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos

➢ Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
5. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

➢ Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

1. Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
5. Colaborar activamente na recollida selectiva establecida no centro para levar a cabo unha reciclaxe efectiva.

7 NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO IES LELIADOURA

7.1 Normas no centro.-

- Non está permitido levar gorras, capuchas ou outras prendas similares que cubran a cabeza que dificulten que se vexa a cara do alumnado. Ante a negativa de sacalas serán requisadas por calquera profesor/-a e levadas á xefatura de estudos ata que un familiar recolla a prenda. En caso de reincidencia poderá ser requisada durante unha semana.

- Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos nos períodos lectivos. Salvo como ferramenta pedagóxica, sempre autorizado previamente polo profesorado. Cando o seu uso non sexa o descrito anteriormente, o profesorado retirará e depositará na xefatura calquera dispositivo electrónico utilizado polo alumnado dentro da aula.

A recollida dos mesmos ten que realizala o pai, a nai ou titor/-a legal ao remate da xornada lectiva, podendo ser requisada no caso de reincidencia por un período de ata unha semana.

- Non está permitido o uso das redes sociais e o acceso a todas aquelas páxinas web con contidos non didácticos.

7.2 Puntualidade e asistencia a clase.

- A primeira hora da mañá e despois dos dous recreos o profesorado extremará a súa puntualidade.

- Todo o profesorado, estea ou non de garda, impedirá a circulación do alumnado polos corredores sen xustificación pedagóxica. Igualmente, impedirá a estancia do alumnado nos corredores durante os cambios de clase.

- Non se poderá acceder ás aulas ata as 8:50 e non permitirá a saída do alumnado da aula ata que toque o timbre.

- O alumnado que chegue tarde, con 10 minutos máximo de atraso poderá incorporarse á aula. O profesorado deberá rexistralo como falta de puntualidade. Os atrasos inxustificados e as faltas inxustificadas a primeira hora da mañá poderán ser consideradas condutas contrarias ás normas de convivencia e ser obxecto de medidas correctoras.

- Calquera falta de asistencia deberá ser xustificada de maneira oficial. A ausencia do alumnado a unha proba de avaliación deberá ser comunicada con antelación, se estaba prevista, e necesariamente xustificada con documentación. Se non estaba prevista, a falta só

será xustificada cando exista unha documentación médica ou de carácter oficial. Só neste último caso o profesorado estará obrigado a facer unha nova proba.

- Ocultarse no servizo ou noutras dependencias, durante as horas de clase é considerado falta grave.

- O control do absentismo está especificado no protocolo de prevención do absentismo escolar. Iniciarase expediente de absentismo cando o alumnado teña ausencias inxustificadas por enriba do 10% do horario lectivo mensual (aproximadamente 13 sesións lectivas ao mes).

7.3 Normas nas aulas.

- O alumnado disporá dunha aula limpa e ordenada. É tarefa do grupo que a ocupa mantela nese estado, para iso o/a titor/-a empregará as horas de titoría que considere necesarias. Para facilitar o traballo do persoal de limpeza, ó remate da xornada escolar o alumnado deixará as mesas colocadas en orde, e sobre estas, as cadeiras. O profesorado que imparte a última sesión na aula, será o responsable do cumprimento desta norma.

- Con permiso do profesorado poderase beber auga nas clases, máis non se permite subir ás aulas e demais dependencias con comida nin bebida.

- O alumnado absterase de manipular os ordenadores portátiles, o encerado dixital así como o canón ou calquera outro material informático que haxa na aula sen a presenza dun profesor/a.

- Salvo excepcións, que o profesor/a valorará, non se concederán permisos para acudir ao baño durante as horas de clase, nin no intercambio de clases. Neste caso, non poderá saír máis dun alumno/a á vez.

8 CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO QUE DIFICULTA A CONVIVENCIA ESCOLAR

Serán **OBXECTO DE CORRECCIÓN DISCIPLINARIA** as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado **dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares,** así como durante a prestación dos servizos de comedor e **transporte escolar**.

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinadamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas **fóra do recinto escolar**, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido no apartado seguinte.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia **realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos** que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

8.1 Responsabilidade e reparación de danos

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por neglixencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o substraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

8.2 Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.

Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

8.2.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

1. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
2. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, convicción políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
4. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
5. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido no apartado 4 deste plan de convivencia.
6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
8. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
9. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.
11. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia, trala aplicación de medidas correctoras de suspensión do dereito ao centro durante tres días.
12. O incumprimento das sancións impostas.

8.2.2 Condutas leves contrarias á convivencia

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

1. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os

actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do apartado anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

2. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do apartado anterior.
3. A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.
4. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
5. Reiteración nun mesmo curso escolar de condutas leves contrarias á convivencia.

8.3 Prescrición das condutas contrarias á convivencia

As condutas **gravemente prexudiciais** para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección **prescriben aos catro meses da súa comisión** e as condutas **leves** contrarias á convivencia, **ao mes**.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

8.4 Medidas correctoras

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

1. Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
2. Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

3. A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
4. Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. Neste a participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento corrector común de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección común da conduta contraria á norma de convivencia.

Este procedemento de mediación descríbese na normativa correspondente.

8.4.1 Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

1. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
2. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
3. Cambio de grupo.
4. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
5. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
6. Cambio de centro.

8.4.2 Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

1. Amoestación privada ou por escrito.
2. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que

exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

3. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
4. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
5. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
6. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
7. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
8. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

8.4.3 Graduación das medidas correctoras

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

1. O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.
2. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
3. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
4. A natureza dos prexuízos causados.
5. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

8.4.4 Prescrición das medidas correctoras

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

8.5 Procedemento para a imposición das medidas correctoras

8.5.1 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste apartado.

Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa**.**

A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como xuíz/-a persoa instrutora.

No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar de maneira motivada, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor/-a, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a tres días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

A persoa encargada da instrución citará aos pais ou titores legais do menor para entrevistalo co fin de esclarecer os feitos (**Anexo 22)**. Dita entrevista co/a alumno/a quedará reflectida no correspondente documento onde aquel contestará as cuestións que lle expoña o/a instrutor/a.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de non poder comparecer sen causa xustificada, **o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais**, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei, logo de comunicarllo de xeito fidedigno (Aviso na aplicación Abalar, correo electrónico con acuse de recibo, correo postal certificado).

Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei (**Anexo 23).**

A **resolución notificarase** á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, **nun prazo máximo de doce días lectivos desde** que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á **incoación do procedemento**, e comunicarase á inspección educativa (**Anexo 21).**

A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a

revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na línea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

8.5.2 Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

1. O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á xefatura de estudos a través do parte establecido para tal fin. Para elo deberase cubrir o parte de incidencias e enviar ao alumno á xefatura de estudos quen recibirá ao alumno ou alumna, falará con el e posteriormente cargará a falta no XADE, rexistrará unha incidencia no Abalar ou telefonará aos pais/ nais/ titores legais informándolles da cuestión.
2. A xefatura de estudos no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do apartado 6.3.2.
3. A dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do apartado 6.3.2. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

8.5.3 Responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos correctores regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela. A comunicación desde o centro farase por medio de aviso na aplicación Abalar, correo electrónico con acuse de recibo ou correo postal certificado.

9 AULA DE CONVIVENCIA

9.1 AULA INCLUSIVA

9.1.1 Concepto.-

A Aula inclusiva é un espazo cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

9.1.2 Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva

A dirección do centro decidirá se o tempo no que se priva ao alumnado da asistencia ao centro cumprirase na aula inclusiva, previa consulta ao titor/a. Para elo valoraranse as circunstancias persoais, a gravidade da falta cometida e todas aquelas consideracións que determinen que é máis beneficioso: que quede no centro ou permaneza na casa.

O tempo que o alumnado permaneza na aula inclusiva, será dedicado a desenvolver as tarefas que o profesorado ten a obriga de proporcionar mentres dure a suspensión. Do mesmo xeito, a aula de convivencia inclusiva estará atendida polo profesorado de garda que lle corresponda en cada hora.

10 MEDIACIÓN ESCOLAR.

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, o centro poderá utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

As normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro establecerán os supostos nos que se aplicará a mediación escolar.

- A través da amizade, os xoves aprenden a practicar as habilidades da interacción social que se requiren para manter relacións próximas (próximas), para controlar a comunicación, o conflito e para aprender a confiar no outro.

- Por elo a relación de amizade sensibiliza ós xoves cara as necesidade dos outros e favorece a adaptación social. A vez que axuda a crear unha imaxe máis axustada da súa propia persoa ó

verse reflectidos na reacción dos outros.

- Esta interacción social promove o desenrolo cognitivo, ao permitir aos/ás rapaces/-as predicir o comportamento dos outros, controlar a súa propia conduta e consecuentemente a regular a súa interacción social. A cognición non se conceptualiza coma un proceso illado do individuo, en todo caso, relaciónase con outros e benefíciase da súa influencia ou expresa nesta relación os seus logros individuais. (Slomkovski e Dunn, 1996; Rogoff, 1998).

- Das relacións sociais forman parte indisoluble os procesos motivacionais, emocionais e de identidade.

- Cando os alumnos/as actúan no papel de axuda mellora a súa autoestima e o propio exercicio da axuda, máis alá dun eficiente desenrolo das habilidades sociais que se requiren para levala a cabo, esíxelles o modelado no seu comportamento e nas súas actitudes.

- Isto supón que os alumnos/as que actuarán como figuras de axuda de xeito indirecto comprométense a mellorar a súa propia imaxe tanto polo seu realce persoal no exercicio do cargo, como na percepción que deles teñen o resto, polo que os maiores beneficiarios distes modelos son os/as alumnos/s implicados en colaborar e prestar axuda.

- Dende a perspectiva da organización escolar basease na creación e formación dun colectivo do alumnado que é capaz de escoitar e acompañar nas súas necesidades a outros compañeiros conseguindo que os conflitos sexan detectados e intervidos en niveis baixos de intensidade e promovendo o interese colectivo polo seu tratamento.

- Con estes modelos constrúense procedementos para a xestión da convivencia co recurso dos propios compañeiros coma elemento clave da intervención, no que o clima escolar tende a actitudes de protección e preocupación polo benestar do conxunto. Polo tanto, os sistemas de axuda promoven situacións de aprendizaxe no medio escolar nas que os alumnos escóitanse entre eles, preocúpanse uns dos outros e axúdanse.

- Neste modelo crease un grupo de alumnos que tras recibir unha formación en técnicas de escoita activa e desenrolo da empatía e resolución de problemas axudan aos seus compañeiros en situacións de indefensión, confusión, dificultades académicas e dificultade de relación cos seus iguais e inclusive có profesorado.

- É unha proposta multidimensional que inclúe actividades de grupo clase e intervencións individuais.

- Constrúense a partir de grupos clase introducindo o papel do “alumno axudante” dentro da organización da aula, a que se lle adxudican tarefas específicas no desenrolo do día a día. A diferenza do delegado de curso, este non está regulado polos Regulamentos Orgánicos do Centro e non actúa coma representante oficial do grupo, senón que as súas intervencións son

actos voluntarios baseados nunha mellora da calidade das relacións.

Os obxectivos xerais do modelo son os seguintes:

1. Fomentar a colaboración, o coñecemento e a busca de solucións nos problemas interpersoais no ámbito escolar.
2. Mellorar a convivencia nos centros educativos.
3. Reducir os casos de maltrato entre alumnos/as, así como previr o consumo de sustancias nocivas.
4. Promover a toma de decisións dos propios alumnos na resolución dos conflitos e problemas de disciplina.
5. Incrementar os valores da cidadanía a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima afectivo da Comunidade.

ies.leliadoura@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesleliadoura
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Frións, s/n
15967 Ribeira
Tel. 881 86 71 86

11 MECANISMOS PARA A DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O presente Plan debe contar para a súa aprobación coa participación de toda a Comunidade Educativa como unha parte fundamental para a súa vixencia.

Unha vez aprobado debe ser convenientemente difundido entre os distintos sectores, utilizando todos os medios dispoñibles: edición escrita, publicación na páxina Web do Centro, comentarios continuados dos titores/as ante os pais e ós alumnos/as.

Ao final do primeiro ano no seu desenvolvemento de xeito especial, e en cursos sucesivos, avaliarase este Plan en todos seus termos para introducir se fose necesario as modificacións oportunas.

Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar teranse en conta, entre outros, os informes anuais que realicen as respectivas comisións de convivencia e as conclusións das memorias anuais dos respectivos plans de convivencia, así como a memoria anual que elabore o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOTA: este PLAN DE CONVIVENCIA foi aprobado polo Claustro do profesorado e polo Consello Escolar con data dez de xuño de dous mil dezanove (10/06/2019).